



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AS COMUNIDADES DE GALICIA E DE CASTELA E LEÓN PARA A RENOVACIÓN DO FIRME E CONSERVACIÓN DAS ESTRADAS ZA-102 E OU-124, QUE COMUNICAN A LOCALIDADE DE PORTO COA ESTRADA N-525

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, **DECLARA:**

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten previsto formalizar coa Comunidade Autónoma de Castilla y León o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a súa entrada en vigor, consonte o establecido na cláusula sexta.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre as comunidades autónomas de Galicia e Castilla y León para a renovación do firme da estrada OU-124, actuación que vai executar a Consejería de Fomento e Medio Ambiente da Junta de Castilla y León, xunto coa renovación do firme da estrada ZA-102, para mellorar a conexión da localidade castelá de Porto coa N-525 e a A-52.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

As Comunidades de Galicia e de Castilla y León teñen atribuídas polos seus respectivos Estatutos de Autonomía competencias exclusivas en materia de estradas cuxo itinerario se desenvolva integramente nos seus propios territorios.





As estradas ZA-102 e OU-124, pertencentes respectivamente á Rede Complementaria Local da Comunidade Autónoma de Castilla y León e á Rede Secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia, conectan a localidade zamorana de Porto coa A-52 nun enlace situado na provincia de Ourense. A lonxitude total é de 27,35 qm que discorren na súa meirande parte pola Comunidade Autónoma de Castilla y León, existiendo dos treitos (OU-124), de 8,64 kms. en total, que discorren pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A Dirección Xeral de Estradas e Infraestructuras da Junta de Castilla y León redactou un proxecto de construción para a renovación do firme da estrada ZA-102 (tramo castellano y leonés) que vai executar, sendo imprescindible que a actuación teña continuidade na estrada OU-124.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 20 de xuño de 2016.

